

AXENTE X.99

CONTOS E VERSOS DO ESPAZO

Texto de GIANNI RODARI

Tradución de ISABEL SOTO

Ilustracións de FEDERICO DELICADO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 84 páx. 16 €

[Axente X.99, contos e versos do espazo](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-071-3. Sete Leguas

[Agente X.99, cuentos y versos del espacio](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-072-0. Siete Leguas.

[L'Agent X.99, contes i versos de l'espai](#) (català)

ISBN 978-84-18558-13-9. Set Llegües.


[Agente X.99, histórias e versos do espazo](#) (português)

ISBN 978-989-749-142-9. Sete Léguas.

Que se é certo que durante unha das miñas exploracións espaciais aterrei nun planeta salvaxe e me fixen pasar polo Deus do Lume? Non, señor xornalista, non é certo. Non me gusta enganar a xente, aínda que se trate de simios de seis patas coma aqueles. Corren unha chea de esaxeracións sobre as miñas aventuras...

Axente X.99 é como se coñece o gardián dun asteroide que, xunto coa cabra Renata, viaxa polo espazo desempeñando distintas misións. Publicadas na revista *La Via Migliore* entre outubro 1974 e maio de 1975, as aventuras deste peculiar astronauta representan a incursión de Gianni Rodari na ciencia ficción. Cada relato é una porta aberta á reflexión crítica: dende como orientar os simios do planeta Miro para que aprendan a facer lume e desterrar erróneas crenzas sobre as árbores de Parco, ata descubrir a capacidade de aprendizaxe dos nenos que habitan no planeta dos xoguetes ou as abellas intelixentes de Kama, sen esquecer experiencias adversas sobre misteriosas desaparicións, homiños altamente tecnificados pero con ideas irracionais ou os absurdos costumes no planeta Osiris... O progreso, a natureza, a renovación pedagóxica, o totalitarismo e o fanatismo son algúns temas que subxacen nestas historias brillantes, sorprendentes e cautivadoras. O Agente X.99 rememora a súa vida nunha sorte de *flash-back* ante un xornalista, profesión que Rodari exercía, compartindo co público as súas rocambolescas memorias. Tras unha primeira parte narrativa, seguen os divertidos *Poemas para rir*, engadidos polo autor como apéndice á novela «O planeta das árbores de Nadal» -publicada en 1962- e que se recuperan neste volume por coincidir na temática espacial, na exploración e no descubrimento inesperado.

As ilustracións de Federico Delicado -con figuras caricaturizadas e de chamativas cores- afondan no carácter lúdico dos textos, cuxos protagonistas destacan pola expresión da súa curiosidade e pola actitude observadora e receptiva ao descoñecido.



- **Temática:** aventuras espaciais.
- **Idade recomendada:** a partir de 9 anos.
- **Aspectos destacables:** relatos e poemas; absurdo, imaxinación, humor; do autor de «[Que fai falta?](#)», «[Inventando números](#)», «[Confundindo historias](#)», «[Contos por teléfono](#)», «[Era dúas veces o barón Lamberto](#)», «[Gelsomino no país dos mentirás](#)» e «[Gramática da fantasía](#)»; do autor de «[Icaro](#)» (VII Premio Compostela) e ilustrador de «[Unha longa viaxe](#)», «[O Bolero de Ravel](#)», «[O neno bisesto](#)» e «[Mundinovi](#)» (VIII Premio Orihuela de Poesía, KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/axente-x99-g>

Gianni Rodari

(Omegna, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con xornais como *L'Ordine Nuovo* e *L'Unità*, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como «O planeta das árbores», pero o éxito chegou con «Contos longos coma un sorriso», «As aventuras de Cipollino» ou «O libro dos retrousos». Entre as súas obras mestras destacan «Contos a máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar», que demostran que a brevidade pode xerar boas historias e permítenlle ao lector escoller o final. A partir das súas visitas a escolas e do traballo cos nenos escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmitiu a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.
<https://100giannirodardi.com>

Federico Delicado

(Badajoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense. En 1980 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil. Entre as distincións que recibiu destaca o VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Icaro», que tamén figura nas listas de honra The White Ravens 2015 e IBBY (ilustración) 2016 e Fundación Cuatrogatos 2016.
<https://www.instagram.com/delicadofederico>

